

PLAN ESTRATÉGICO DE CENTRO (PERIODO 2014-2020)

FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA

Aprobado en Xunta de Facultad
(08 de julio de 2014)



ÍNDICE

1. MISIÓN, visión y valores	3
1.1 Misión	3
1.2 Visión	5
1.3 Valores.....	7
2. CODIFICACIÓN DE INDICADORES	9
3. ANÁLISIS DE LA SITUACIÓN INICIAL	11
3.1 AREA ESTRATÉGICA: DOCENCIA.....	12
3.2 AREA ESTRATÉGICA: RELACIÓN COA SOCIEDADE	13
3.3 AREA ESTRATÉGICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA.....	14
3.4 AREA ESTRATÉGICA: INTERNACIONALIZACIÓN	16
3.5 AREA ESTRATÉGICA: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS	17
4. OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS	21
4.1 ÁREA ESTRATÉGICA: DOCENCIA E APRENDIZAXE – Obxectivo 1.....	22
4.1 ÁREA ESTRATÉGICA: DOCENCIA E APRENDIZAXE- Obxectivo 2	23
4.2 ÁREA ESTRATÉGICA: RESPONSABILIDAD SOCIAL - Obxectivo 3	24
4.3 ÁREA ESTRATÉGICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA - Obxectivo 4	25
4.3 ÁREA ESTRATÉGICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA - Obxectivo 5	26
4.3 ÁREA ESTRATÉGICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA - Obxectivo 6	27
4.4 ÁREA ESTRATÉGICA: INTERNACIONALIZACIÓN - Obxectivo 7.....	28
4.4 ÁREA ESTRATÉGICA: INTERNACIONALIZACIÓN - Obxectivo 8.....	29
4.4 ÁREA ESTRATÉGICA: INTERNACIONALIZACIÓN - Obxectivo 9.....	30
4.5 ÁREA ESTRATÉGICA: FINANCIAMENTO E USO EFICAZ DOS RECURSOS - Obxectivo 10	31
4.6 ÁREA ESTRATÉGICA: FINANCIAMENTO E USO EFICAZ DOS RECURSOS - Obxectivo 11	33
5. EVIDENCIA (PE03 – ANEXO 02. PLAN ESTRATÉGICO DE CENTRO	35



1. MISIÓN, VISIÓN Y VALORES

1.1 Misión

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña é unha institución pública que ten como finalidade contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade por medio da xeración, xestión e difusión de cultura e coñecemento científico, tecnolóxico e profesional a través do desenvolvemento da investigación e da docencia no ámbito do deporte e a Educación Física.

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña é un centro encargado da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención dos títulos oficiais e propios que nela se imparten, con carácter oficial e validez en todo o territorio español.

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física concibe a súa finalidade esencial como un servizo público de calidade no marco da Universidade de A Coruña, orientado á procura de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade por medio da busca de avances sociais, científicos e tecnolóxicos nun marco de valores éticos xeralmente aceptados no campo da actividade física e do deporte.

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña manifesta explicitamente o seu compromiso co estudo e desenvolvemento integral de Galicia, singularmente da súa identidade deportiva, cultural e lingüística, e asemade promoverá a súa plena integración no espazo europeo de ensino superior e a proxección en América Latina.

Son funcións da Facultade en consonancia cas función da universidade ao servizo da sociedade:

1. A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura no ámbito das actividades físico-deportivas.
2. A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de métodos e coñecementos científicos e artísticos no ámbito das actividades físico-deportivas.
3. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico no ámbito das actividades físico-deportivas.
4. A difusión do coñecemento e da cultura e a formación ao longo de toda a vida no ámbito das actividades físico-deportivas.

É desexo da comunidade, fomentar e manter os seguintes principios en canto centro emisor e receptor de cultura:

- A defensa dos principios que constitúen a base do sistema democrático.
- O respecto ás normas que faciliten a convivencia no centro, ao tempo que a consecución dos obxectivos personais e académicos.
- A docencia e a investigación como unha actividade educativa.
- O recoñecemento dos esforzos realizados polos seus membros no logro de excelencia, innovación e traballo en equipo.



- O construír e difundir coñecemento entre os diversos axentes sociais.
- A participación nas medidas que potencien a conexión dos ámbitos educativos e deportivos con outros ámbitos da cultura e sociedade galega.
- A difusión de todas as actividades realizadas ao conxunto da sociedade.
- A potenciación de estilos de traballo que favorezan a coordinación de persoas, equipos e medios para a consecución de obxectivos.
- A promoción e a participación de todos os seus compoñentes, dentro dos principios apuntados de responsabilidade e máxima participación, na toma de decisións que afectan á institución.
- A promoción dun estilo interno de comunicación que potencie o debate sosegado e constructivo entre todos os seus membros.
- A promoción de boas prácticas profesionais có obxectivo de facilitar o ben público.
- A promoción da institución como axente de transformación social.
- A promoción de hábitos e estilos de vida saudables no dobre sentido de consideralo como noso centro de traballo, ao tempo que é unha exigencia propia de nosa actividade educativa.
- A concienciación e compromiso de todos na necesidade de manter o material e instalacións.
- A promoción do uso de novas tecnoloxías e da formación a distancia.
- O compromiso có medio ambiente nas prácticas físico-deportivas, abogando por un desenvolvemento sostible.
- A implicación ao máximo nos procesos de ensinanza/aprendizaxe.
- A potenciación da participación dos estudantes en especial respecto ás asociacións de estudantes.
- A organización do contacto permanente cos egresados potenciando os mecanismos necesarios
- Manter o compromiso de colaboración coa organización colexial en garantir o acceso e exercicio profesional de calidade, sano e seguro a toda a cidadanía.



1.2 Visión

No horizonte do ano 2020 a FCDEF aspira a ser un centro que:

- Se achegue á sociedade para ser quen de entender as súas necesidades e dar resposta ás mudanzas que se produzan no seu contorno.
- Colabore con todos os axentes sociais e entidades públicas e privadas para estudar, diagnosticar e aportar solucións aos retos formulados pola sociedade.
- Xere canles de participación solidaria e se comprometa co desenvolvemento sostible e o medio ambiente mediante a innovación.
- Ofreza unha formación axustada ás necesidades presentes e futuras do noso contorno e resposte tamén a unha aprendizaxe adaptada ao avance individualizado do discente mediante o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces na adquisición das habilidades e competencias requiridas polas titulacións que se imparten no centro.
- Alén da formación integral das persoas, no desenvolvemento das competencias que melloren a empregabilidade do seu estudiantado nos ámbitos locais, estatais e internacionais.
- Fomente a creación e desenvolvemento de redes estatais e internacionais de grupos de investigación básica e aplicada que contribúan ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.
- Xestione os seus recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia e que dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, que se complementa coa colaboración do sector privado.
- Favoreza a consecución dos seus obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da comunidade universitaria.

Como institución pública de ensino universitario, as súas accións orientaranse ó cumprimento daquelas metas que caracterizan á mesma: universalidade, creación e difusión do coñecemento partindo das demandas e posibilidades do seu entorno buscando o nivel de excelencia. Son as súas metas:

- Definirse como unha institución educativa de calidade arraigada na sociedade e comprometida có desenvolvemento de Galicia, a través da docencia e da investigación.
- Considerar a institución como un proxecto común no que participan todo os seus integrantes: profesores, estudantes e persoal de administración e servizos.
- Propugnarse como un centro de referencia no ámbeto da educación física, a actividade física e o deporte.
- Comprometerse có desenvolvemento de Galicia mediante os correspondentes convenios e acordos.
- Inspirarse na non discriminación por mor de sexo, idade, tendencia política ou relixiosa, orixe étnico ou discapacidade ou calquera outro argumento.
- Erixirse en creador de cultura, de pensamento e innovación en todas as áreas relacionadas coa educación física, a actividade física e o deporte.



- Exercer, ademais de centro de formación inicial, como Institución para a formación de técnicos deportivos, de postgraduación e doutorandos.
- Conseguir unha formación integral e de calidade para os seus estudantes potenciando:
 - o A participación activa dos mesmos no seu proceso formativo, no só en términos científico-técnicos, senón tamén atendendo ó desenvolvemento da persoa.
 - o A orientación hacia a demanda social e o mercado laboral.
 - o A excelencia dos servizos ofertados.
- Potenciar o compromiso do profesorado coa calidade da docencia a través, entroutros procedementos, de:
 - o Desenvolvemento e a transferencia de investigacións propias para incrementar as competencias profesionais dos seus alumnos.
 - o A formación permanente incidindo na vertente pedagóxica e a actualización tecnolóxica.
 - o A máxima integración nos obxectivos e na xestión dos órganos colexiados da institución.
- Potenciar os procesos avaliadores máis idóneos para as diversas facetas docentes, investigadoras e do funcionamento institucional.
- Orientarse hacia unha decidida defensa dos valores e necesidades propias da sociedade e a cultura galega.
- Promocionar o uso do idioma galego utilizándoo en todo os documentos emanados dos órganos de goberno do centro.
- Manter e promocionar a difusión, colaboración e investigación conxunta coas institucións educativas e investigadoras dos países xeográfica e culturalmente máis cercanos.
- Potenciar a axuda e o intercambio con institucións educativas de países en especiais dificultades.
- Promover as condicións que faciliten o desenvolvemento da investigación e os formatos docentes máis axustados ás exixencias da sociedade.
- Fomentar, como un campo de investigación básico, o desenvolvemento epistemolóxico das disciplinas relacionadas coa educación física, a actividade física e o deporte.
- Promover, como un campo de investigación aplicado, o desenvolvemento de metodoloxías propias da Educación física, a actividade física e o deporte.



1.3 Valores

A Facultade, no cumprimento das súas finalidades propias, e como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexerase polos seguintes valores e principios:

- A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e así mesmo mediante a defensa ao acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación.
- O esforzo das persoas como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual, como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientada á resolución de problemas, á superación de conflitos e á consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común.
- A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade universitaria no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.
- O compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente á sistema socioeconómico do noso contorno e implicarnos na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.
- Compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico como no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico. respecto ao medio ambiente como universidade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.
- A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.
- A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.
- A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.

Neste ámbito a institución está comprometida con:

- A promoción e defensa dos valores que encarnan unha sociedade humanizada e favorecedora do desenvolvemento persoal e social: liberdade, paz, solidariedade e xustiza social.
- A crítica razoada, responsabilidade compartida e o debido respecto a todas as persoas.
- A defensa dos principios que inspiran a natureza e fins da universidade como servizo público.
- A vocación social, comprometida coa defensa do principio de igualdade de oportunidades e có fomento do progreso do conxunto da sociedade.
- A defensa da persoa como base da sociedade e das súas institucións.



- As actuacións persoais e profesionais orientadas baixo os principios éticos e deontolóxicos que para a docencia e investigación teña a Institución e a Universidade de A Coruña.
- A promoción do equilibrio na produción do coñecemento técnico, artístico, metodolóxico e científico.
- O recoñecemento dos valores positivos propios do deporte no ámbito do rendemento.
- A participación dos alumnos nas actividades docentes e de investigación que se fará cumprindo os principios éticos adoptados: igualdade, méritos, capacidade e publicidade.
- A potenciación da conexión entre a docencia e a investigación, de modo que as actividades académicas beneficiense dos avances en novas tecnoloxías.
- A potenciación da progresiva autonomía dos alumnos en todo os procesos e ámbitos da súa formación.
- O fomento da colaboración entre os docentes, facilitando o seu traballo, formación permanente e calidade profesional.
- O fomento da colaboración entre o persoal da administración e servizos, facilitando o seu traballo, formación permanente e calidade profesional.



2. CODIFICACIÓN DE INDICADORES

Versión 1 – 21-11-2014.

DA 1.1	Graduación
DA 1.2	Abandono
DA 1.4	Éxito
DA 1.5	Motivación
DA 1.6	Participación en enquisas de avaliación
DA 1.7	Avaliación Docente
DA 1.8	Actualización docente
DA 2.1	Empregabilidade
DA 2.2	Prácticas curriculais (nº de convenios con centros de prácticas)
DA 3.3	Novos ingresos grao
DA 3.4	Novos ingresos doutoramento

FIN 2.2	Documentos económicos validados pola CAE da UDC
FIN 3.1	Satisfacción PDI
FIN 3.2	Satisfacción PAS
FIN 3.3	Participación en órganos de goberno (nº de postos vacantes nos órganos de goberno da Facultade)
FIN 3.4	Asociacións de alumnos ou de ex alumnos

INT 1.1	Interacionalización (nº de títulos con docencia en inglés)
INT 1.2	Titulacións conxuntas
INT 1.3	Alumnos estranxeiros
INT 1.4	Movibilidade académica
INT 1.5	Movibilidade de pdi
INT 1.6	Movibilidade de pas
INV 1.1	Producción científica
INV 1.5	Sexenios
INV 1.6	Doutorado
INV 1.7	Calidade tesis doutoramento
INV 1.8	Doutoramento internacional
INV 1.9	Internacionalización da investigación (nº de proxectos internacionais nos que a Facultade participa)

IS 1.1	Actividades culturais organizadas en la Facultad
IS 1.2	Actividades deportivas organizadas en la Facultad
IS 1.3	Accións dirixidas a la normalización lingüística
IS 1.4	Accesibilidade (puntos de acceso ou tránsito non adaptados)
IS 1.5	Igualdade
IS 1.6	Apoio ao estudiantado



PREV 1.1	Prevención riscos laboráis (nº de acción tomadas para a prevnción incluído p o plan de evacuación)
----------	--

REC 1.1	Persoal de conserxería
REC 1.2	Espazos de traballo
REC 1.3	Persoal de mantemento
REC 1.4	Novos espazos
REC 1.5	Servizos externos (nº de contratos revisados pola Facultade con propostas de mellora)
REC 1.6	Protocolo de revisión sistemático de material docente e deportivo
REC 1.7	Protocolo de inventariado de material nos almacéns

RS 3.4	Disminución do pago anual de luz
RS 3.5	Disminución anual do gasto en auga
RS 3.6	Disminución anual da factura de fuel
RS 3.7	Disminución anual do gasto de teléfono
RS 3.8	Disminución anual do gasto en fotocopias
RS 4.1	Sistematización da recollida de pilas usadas
RS 4.3	Sistematización da recollida de material informático inventariable e non inventariable
RS 4.4	Sistematización da recollida de roupa deportiva usada e abandonada nos vestiarios
RS 4.2	Sistematización de recollida de papel: Instalación de novos contedores

3. ANÁLISIS DE LA SITUACIÓN INICIAL

Diagnóstico (versión 1 – 21-11-2014).

3.1 AREA ESTRATÉXICA: DOCENCIA

INDICADOR	CODIF.	VALOR INICIAL	VALOR RELATIVO	CAUSAS INTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO	CAUSAS EXTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO
GRADUACION	DA 1.1	34,56%	Igual a media da UDC e por encima da rama	Esta en relación ca tasa de duración media dos estudos	
ABANDONO	DA 1.2	0,073	Inferior á media da UDC e o 2º mais baixo	Titulación moi vocacional, que provoca adherencia e conecta con valores da sociedade Existencia de probas específicas de ingreso	Bo nivel de empregabilidade
EXITO	DA 1.4	0,842	Na media da UDC	Titulación de competencia diversas composta por materias moi diferentes a nivel de contidos e de dificultade	A nota de corte de selectividade é media-baixa
MOTIVACIÓN (según enquisa satisfacción estudante)	DA 1.5	5,3	Na media da UDC	Pouca participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	Pouco interese do alumnado en xeral por non ver consecuencias directas da mesma
PARTICIPACION AVALIACION	DA 1.6	0,237	Por encima da media da UDC	Un sector do profesorado implicado no proceso de avaliación	Pouco interese do alumnado en xeral por non ver consecuencias directas da mesma
AVALIACION DOCENTIA	DA1.7	0,378	Por enriba da media da UDC e o 4º mais elevado	Profesorado moi comprometido coa docencia Gran impulso desde a Facultade	Procesos de acreditación
ACTUALIZACION DOCENTE	DA 1.8	40%	Superior a media (10p)	Profesorado implicado coa docencia	Boa e variada oferta da UDC
EMPREGABILIDADE	DA 2.1		Superior a media		Mercado laboral moi saturado nalgúns ámbitos Gran diversidade de emprego e posibilidades de emprego inferior ao nivel da súa capacitación a tempo parcial
PRÁCTICAS CURRICUALIS	DA 2.2		Alto moi por enriba da media da UDC	Materia do Practicum de carácter obrigatorio e moi ben estruturada	Numerosos convenios con institucións deportivas do entorno social, con alta demanda por parte dos mesmos
NOVOS INGRESOS GRAO	DA 3.3	90	Por debaixo da media da UDC	Numero de prazas limitado aos recursos materiais e humanos da Facultade (120) O número real de acceso é de 120, pero por cuestións relativas a recoñecementos de alumnos de FP e polo que aparece un número baixo de novos ingresos	Gran demanda dentro e fora da comunidade autónoma.
NOVOS INGRESOS DOUTORADO	DA 3.4	15	Por debaixo da media	Novo programa de Doutoramento con maior esixencia para o alumno	Dificultade para o seguimento do programa por razóns laborais e económicas

3.2 AREA ESTRATÉXICA: RELACIÓN COA SOCIEDADE

INDICADOR	CODIF.	VALOR INICIAL	VALOR RELATIVO	CAUSAS INTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO	CAUSAS EXTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO
CULTURA	IS 1.1		Por debaixo da UDC	Alumnos con compromisos federativos e adestramentos en clubs deportivos	Actividades de difícil acceso para o noso alumnado (horarios, act. programadas, lugares,..)
DEPORTES	IS1.2		Por debaixo da UDC	A Facultade destina máis recurso á promoción cultural que a deportiva por razóns obvias	Actividades de difícil acceso para os noso alumnado (horarios, act. programadas, lugares,..)
NORMALIZACIÓN	IS 1.3		Na media da UDC	Pouca promoción dende a Facultade?	Alto nº de profesorado e alumnado de fora da comunidade autónoma galega
ACCESIBILIDADE	IS 1.4		Por debaixo da UDC	Instalacións antigüas, non adaptadas na súa totalidade	Falta de provisión por parte das administracións. Por exemplo, a Biblioteca da Facultade
IGUALDADE	IS 1.5	25% de alumnado feminino	Por debaixo da UDC	Titulación menos vocacional para as mulleres nesa franxa de idade. De todo os xeitos a % de acceso aos estudos é superior que a % de alumnas que se presentan as probas de acceso	Baixa participación en actividades deportivas das mulleres na sociedade galega e estatal
APOIO ESTUDANTADO	IS 1.6		Por encima da media	Bo nivel de interacción profesor-alumno. Elevada implicación do profesorado nas titorías grupais e individualizadas	Bo programa de acción tutorial por parte da UDC

3.3 AREA ESTRATÉXICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

INDICADOR	CODIF.	VALOR INICIAL	VALOR RELATIVO	CAUSAS INTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO	CAUSAS EXTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO
PRODUCTIVIDADE CIENTÍFICA	INV 1.1	0,413	Baixa produtividade con relación á media UDC (1,2) Moita dispersión nos datos das distintas facultades. Estamos dentro dunha desviación típica.	Estamos ao nivel e incluso por enriba das titulacións de ciencias sociais, pero claramente por debaixo dos centros de ciencias con maior tradición de publicación JCR. Pouco estímulo profesional para a realización e divulgación de investigaciónes: - Estabilidade do PDI. - descoñecemento de que revistas indexadas poden ser accesibles para divulgar o traballo realizado - Barreiras idiomáticas	Área de coñecemento que non chega a consolidarse nin na rama de ciencias xurídico sociais e sobre todo a de ciencias da saúde Gran dificultade para divulgar traballos de investigación na área de ciencias da saúde en revistas con certo impacto.
SEXENIOS	INV 1.5	0,078	Valor moi por debaixo da media UDC (0,39) Moita dispersión nos datos. Estamos fora dunha d.t. (0,19).	Necesidade de aumentar o número de titulares de universidade As mesmas causas anteriores	As mesmas causas anteriores Posibilidade de solicitar sexenio como profesor INEF relativamente recente
DOUTORADO	INV 1.6	0.0 Non contamos con programa con mención de excelencia	So hai 9 programas (28.9%) da UDC con mención de excelencia	Cando o novo programa leve algúns cursos débese aspirar á mención de excelencia. Departamento ao límite de capacidade docente Pouca internacionalización da actividade investigadora. Está relacionado cos indicadores anteriores, xa que o curriculum do PDI marca a posibilidade de acceder a mención de excelencia.	

3.3 AREA ESTRATÉXICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

INDICADOR	CODIF.	VALOR INICIAL	VALOR RELATIVO	CAUSAS INTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO	CAUSAS EXTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO
CALIDADE DAS TESES DE DOUTORADO	INV 1.7	0,33 Dato controvertido xa que so reflexa ISI WoK	Cerca á media (0,35) aínda que so 1/3 das teses lidas en 2012 accedieron a divulgación no ISI WoK	Convería ter e divulgar información de SCOPUS	É a mesma razón que frea a publicación de traballos na área de ciencias da saúde en revistas de impacto
DOUTORAMENTO INTERNACIONAL	INV 1.8	0		Hai pouca tradición de investigación todavía no noso ámbito	
INTERNACIONALIZACION DA INVESTIGACION	INV 1.9	Non hai indicadores	Non estamos presentes en proxectos internacionais	Hai pouca tradición de investigación todavía no noso ámbito	

3.4 AREA ESTRATÉXICA: INTERNACIONALIZACIÓN

INDICADOR	CODIF.	VALOR INICIAL	VALOR RELATIVO	CAUSAS INTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO	CAUSAS EXTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO
INTERACIONALIZACIÓN Nº de titulacións con programas con docencia en inglés	INT 1.1	0 Non temos ningunha docencia en inglés	Posibilidade de establecer a medio prazo materias con docencia en inglés en el grado y act. en inglés en el doutorado	Baixa competencia en inglés do profesorado do departamento. Poucas estancias no extranxeiro do PDI do centro. Poucas estancias de PDI estranxeiro para docencia ou investigación no centro	Pouco estímulo para o desenvolvemento das competencias lingüísticas en inglés por parte da UDC.
TITULACIONES CONXUNTAS internacionais tanto no grado como no máster	INT 1.2	0 Non hai		A longo prazo pódese aproveitar as relacións con aquelas universidades que participan no programa de doutorado para establecer unha titulación internacional no grado.	Posibilidade de conseguir titulacións conxuntas no grado con algunha das facultades ou escolas da propia UDC.
ALUMNOS ESTRANXEIROS	INT 1.3	13 (2011-2012) NO grado	É un área donde debíamos buscar incrementar	Aumentar o número do estudantado estranxeiro tanto no grado como no programa de doutorado.	
MOVILIDADE ACADÉMICA	INT 1.4	8%	Temos unha taxa de mobilidade aceptable (8%) por encima do 5,5% que é a media da UDC.		
MOVILIDADE DE PDI	INT 1.5	Non facilitan indicador	Aínda non hai indicador, a mobilidade é baixa entre o PDI	Probablemente asociadas ás causas que determinan a produtividade científica. Factores como o descoñecemento dos programas de intercambio, a falta de interese polos mesmos, e a escasa competencia en idiomas.	
MOVILIDADE DE PAS	INT 1.6	Non facilitan indicador	Aínda que non hai indicador, a mobilidade é 0 entre o PAS da Facultade	Descoñecemento das posibilidades de Mobilidade. Pouco estímulo desde a UDC. Pouco interese para o PAS.	

3.5 AREA ESTRATÉXICA: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

INDICADOR	CODIF.	VALOR INICIAL	VALOR RELATIVO	CAUSAS INTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO	CAUSAS EXTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO
Disminución do pago anual de luz	RS 3.4	Electricidade desde o 13/12/2012 a 13/12/2013: 454.627 Kw	É recomendable baixar a facturación	Hai marxe deseñando accións de tipo interno ademáis das xerais que adopte a UDC	Maior involucración da empresa externa contratada e coordinación co persoal da facultade. Implicación do Servizo de Arquitectura e Urbanismo
Disminución anual do gasto en auga	RS 3.5	Auga desde o 14/12/2012 a 16/12/2013: 5.122 m ³	É recomendable baixar a facturación	Hai marxe deseñando accións de tipo interno ademáis das xerais que adopte a UDC	Maior involucración da empresa externa contratada e coordinación co persoal da facultade. Implicación do Servizo de Arquitectura e Urbanismo
Disminución anual da factura de fuel	RS 3.6	Gasoleo: Consumo total: 125.234 litros	É recomendable baixar a facturación	Hai marxe deseñando accións de tipo interno ademáis das xerais que adopte a UDC	A empresa externa contratada debe participar como axente activo neste plan Implicación do Servizo de Arquitectura e Urbanismo
Disminución anual do gasto de teléfono	RS 3.7	6.505,52€	É recomendable baixar a facturación	Hai marxe deseñando accións de tipo interno ademáis das xerais que adopte a UDC	
Disminución anual do gasto en fotocopias	RS 3.8	Copias Fotocopiadora - Pazo: 294.116 - Ed. Aulas: 212.798 - Admón: 7014 - Decanato: - 10.833 B/N - 3.428 color	É recomendable baixar a facturación	Hai marxe deseñando accións de tipo interno	
Sistematización da recollida de pilas usadas	RS 4.1	Non existe indicador	É recomendable a mellora	Existen contedores de recollida, pero non está suficientemente difundido. Necesidade de crear un protocolo de actuación e o establecemento dun punto limpo.	Recollida irregular e repensar a súa ubicación.
Sistematización de recollida de papel: Instalación de novos contedores	RS 4.2	Non existe indicador	É recomendable a mellora	O contedor non é cómodo pola súa estrutura nin a súa ubicación para as necesidades da Facultade. Necesidade de crear un protocolo de actuación e o establecemento dun punto limpo	Solicitar un de carga superior, recollida irregular e repensar a súa ubicación.
Sistematización da recollida de material	RS 4.3	Non existe indicador	É recomendable a mellora	Existen contedores de recollida, pero non está suficientemente difundido. Necesidade de crear	Recollida irregular e repensar a súa ubicación.

3.5 AREA ESTRATÉXICA: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

INDICADOR	CODIF.	VALOR INICIAL	VALOR RELATIVO	CAUSAS INTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO	CAUSAS EXTERNAS: DESEMPEÑO RELATIVO
informático inventariable e non inventariable				un protocolo de actuación e o establecemento dun punto limpo	
Sistematización da recollida de roupa deportiva usada e abandonada nos vestiarios	RS 4.4	Non existe indicador	É recomendable a mellora	Necesidade de crear un protocolo de actuación e o establecemento dun contedor de recollida	Non existe contedor
